

SESION ORDINARIA DE 27 DE SETEMBRO DE 2022

(Acta número 10)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D^a. Mónica Freire Rancaño
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. Roberto García Pernas
D^a. Dolores Castro Ochoa
D. Pablo Taboada Camoira
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira
D. José Manuel Gómez Puente
D. José Fernández Vázquez
D. Xosé María Teixido Núñez

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventor:

D. Manuel Roel Hernández-Serrano

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e sete de setembro de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero; e asiste como Interventor o Interventor adxunto don Manuel Roel Hernández Serrano.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

	IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Fecha y Hora	07/10/2022 12:46:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Página	1/28



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SEIS DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de xullo de dous mil vinte e dous e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos presentes.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220927&punto=1>

2.- TOMA DE POSESIÓN DO SR. DEPUTADO PROVINCIAL D. XOSÉ MARÍA TEIXIDO NÚÑEZ.


Dáse conta de que con data once do pasado mes de agosto, recíbese, por parte da Xunta Electoral Central, a credencial designando a D. Xosé María Teixido Núñez, como Deputado Provincial.

A continuación, unha vez comprobada a credencial de D. Xosé María Teixido Núñez, e tendo en conta que o señor Deputado presentou a declaración de bens patrimoniais e de actividades, así como toda a documentación necesaria e suficiente en cumprimento da lexislación vixente, polo que se procede a darlle posesión do cargo.

Seguidamente polo Presidente da Deputación procédese á toma de xuramento ou promesa do cargo de Deputado Provincial, baixo a fórmula: "*xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputado Provincial, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado*", ao que o Deputado D. Xosé María Teixido Núñez responde "si prometo".

A continuación o Sr. Presidente dá a benvida ao novo Deputado e entrégalle o Diploma acreditativo do cargo, a Insignia de ouro da Deputación, e a Medalla de ouro, todos eles atributos recoñecidos polo Regulamento de Honras e Distincións da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

	IV7A6WRN3BMPZ7MYDD6TILXSMU	Fecha y Hora	07/10/2022 12:46:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A6WRN3BMPZ7MYDD6TILXSMU	Página	2/28





Seguidamente o Sr. Deputado Provincial D. Xosé María Teixido Núñez pasa a ocupar o seu escano no Grupo Provincial Popular.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220927&punto=2>

PARTE RESOLUTIVA

COMISIÓN DE ASUNTOS DO PLENO

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA TERCEIRA ADDENDA DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE A PONTENOVA, DE DATA 21-02-2018, RELATIVA Á DIRECCIÓN DE EXECUCIÓN DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES NO MUNICIPIO DE A PONTENOVA”.


Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta do Deputado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“O Concello de A Pontenova o 20.11.2017 presentou un escrito no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo (nº de rexistro 34.287), no cal solicitaba o establecemento dun convenio interadministrativo de cooperación, en concreto, para establecer unha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta entre o Concello de A Pontenova e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os seus respectivos títulos competenciais para lograr o fin común da construción dun complexo residencial para persoas maiores no Concello de A Pontenova, así como, a necesaria adquisición dos terreos para levar a cabo o citado fin común.

O 21.02.2018 formalizouse entre as partes o Convenio Interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns

	IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Fecha y Hora	07/10/2022 12:46:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Página	3/28




consistentes na “Adquisición de terreos e construción de complexo residencial para persoas maiores no Concello de A Pontenova”.

Debido a razóns técnicas, aprobouse unha modificación do citado Convenio non alterando as condicións esenciais do documento inicial, sendo materializada esta modificación mediante a formalización o 31.05.2019 da Addenda ao Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes en: adquisición de terreos e construción de complexo residencial para persoas maiores no Concello de A Pontenova.

Dende a Área de Promoción Económica e Social informouse da necesidade de aprobar unha segunda Addenda, co obxecto de modificar as cláusulas terceira, sexta e sétima relativas ao prazo de execución e vixencia do convenio, ata o máximo do prazo legalmente establecido pola limitación temporal do artigo 49, letra h) 2º da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, salientando que a modificación proposta non altera as condicións esenciais do documento inicial do Convenio Interadministrativo. No citado informe recóllese expresamente que “a non prórroga do mesmo implicaría deixar sen cumprir o obxectivo do Convenio, coa perda da creación dun servizo social comunitario de gran demanda na zona, e polo tanto, un gran prexuízo para a poboación da provincia de Lugo en xeral e da poboación do Concello de A Pontenova, en particular, afectando aos intereses de ambas administracións locais”. Esta segunda addenda foi formalizada o 26.01.2022.

Xunto co informe da Área de Promoción Económica e Social co CSVIV7F2HYKLLW333RTQTYQB4YV5Y, acompañábase no expediente co núm. 2021/XEN_01/004261 o texto da 2ª Addenda do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes en: adquisición de terreos e construción de complexo residencial para persoas maiores no Concello de A Pontenova, aprobado na sesión da Xunta de Goberno do 2 de febreiro de 2018, na cal recóllese as modificacións das cláusulas terceira, sexta e sétima, no relativo a prazo de execución e vixencia.

	IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Fecha y Hora	07/10/2022 12:46:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Página	4/28






O 27.07.2022 o servizo de Arquitectura trasladou o informe co CSV IV7DFWICPPFP3JT6M6R4MP4AHG4 a Benestar Social e Igualdade no informe a necesidade de modificar o convenio que nos ocupa, en concreto o seu importe para facer fronte aos gastos necesarios para contratar a dirección de execución de obra.

Dende Benestar Social e Igualdade informouse que o citado Convenio Interadministrativo atopábase vixente, constando adxudicada a obra de construción pero non iniciada, para o cal é preciso contar cunha dirección de execución da obra, sendo necesario modificar o convenio en materia orzamentaria. A non modificación do mesmo implicaría deixar sen cumprir o obxectivo do Convenio, coa perda da creación dun servizo social comunitario de gran demanda na zona, e polo tanto, un gran prexuízo para a poboación da provincia de Lugo en xeral e da poboación do Concello de A Pontenova, en particular, afectando aos intereses de ambas administracións locais, por ser obrigatorio contar cunha dirección de execución de obra e non contando con medios propios a Deputación de Lugo neste momento para levala a cabo. En todo caso sinálase no informe co CSV IV7DGKDILFXSV67OVVHVCUSV4E do 04.08.2022 que a modificación respectaría o límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial do Convenio Interadministrativo a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes na construción de centro de atención a persoas maiores nese municipio, propoñendo unha 3ª Addenda do Convenio Interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes en: adquisición de terreos e construción de complexo residencial para persoas maiores no Concello de A Pontenova, aprobado na sesión da Xunta de Goberno do 2 de febreiro de 2018.

Visto os informes citados, así como, o texto da 3ª Addenda emitíronse os informes do Servizo de Contabilidade co CSV IV7DGDB7FBW43DZTUA7RAJXP54, do Intervención co CSV IV7AWPRDLLXIZCBKSF7RCJBVH4 e do Servizo de Contratación e Fomento CO csv IV7AUOZYMEPPXGXLXUP5KLTQ4Y.

Tendo en conta o sinalado propónse que polo Pleno da Deputación Provincial de Lugo se adopten os seguintes acordos:

	IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Fecha y Hora	07/10/2022 12:46:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Página	5/28



- Aprobar o texto da 3ª Addenda do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes en: adquisición de terreos e construción de complexo residencial para persoas maiores no Concello da Pontenova, formalizado entre as partes o 21.02.2018.
- Aprobar o gasto correspondente á 3ª Addenda do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes en: adquisición de terreos e construción de complexo residencial para persoas maiores no Concello de A Pontenova, por importe de 13.818,57 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2315.622 do vixente orzamento da Deputación de Lugo”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220927&punto=3>

COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO CORRESPONDENTE AO ANO 2021.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

“Pola Presidencia indícase a corrección do erro no informe á Conta xeral de 2021 de data 15 de setembro de 2022 e na proposta de acordo de data 16 de setembro de 2022 onde se facía constar que a conta xeral do Consorcio provincial de Lugo para a Prestación do Servizo Contra

	IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Fecha y Hora	07/10/2022 12:46:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Página	6/28





Incendios e Salvamento estaba pendente de aprobar, xa que a dita conta foi aprobada polo Pleno do Consorcio en data 24 de maio de 2022.

Preséntase pola Presidencia a seguinte proposta: *“Informada a Conta Xeral da Excma. Deputación Provincial de Lugo de 2021 pola Comisión Especial de Contas o día 31 de maio de 2022 e permanecendo exposta ao público na Secretaría Xeral, por espazo de quince días, e cuxo anuncio de exposición se publicou no Boletín Oficial da Provincia nº 127, de data 4 de xuño de 2022, e que transcorrido o mencionado prazo, non se presentaron reclamacións, reparos ou observacións á mesma (segundo certificación que se acompaña no expediente), esta Presidencia propón:*

Que sexa informada pola Comisión Especial de Contas a Conta Xeral de 2021 da Excma. Deputación Provincial de Lugo. Acompañase a Conta Xeral de 2021 do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento aprobada polo Pleno do Consorcio de data 24 de maio de 2022. Unha vez informada someterase ao Pleno da Corporación para a súa aprobación definitiva, se procede.”

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos señores deputados don José Pardo Lombao, don Francisco Balado Teijeiro e don Pablo José Taboada Camoira, membros do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.


Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (correspondentes aos señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes aos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular. Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220927&punto=4>

--0000--

	IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Fecha y Hora	07/10/2022 12:46:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Página	7/28



5.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA A GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO E O FIN DOS RECORTES DE PERSOAL EN EDUCACIÓN.

Logo de ver a proposta de Goberno sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e o Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno para reclamar á Xunta de Galicia a gratuidade dos libros de texto e o fin dos recortes de persoal en educación.


Hai 17 anos, o 7 de setembro de 2005, unhas 82.000 familias galegas comezaban o curso académico ca boa noticia de saber que o goberno autonómico progresista conformado polo PSdeG e o BNG viña de aprobar a gratuidade dos libros de texto para educación primaria. Apenas catro anos despois, o 29 de xuño de 2009, o PP de Alberto Núñez Feijóo eliminaba aquela medida.

Dende entón, e xa van catorce anos consecutivos, as familias galegas encaran cada inicio do curso como unha sorte de “costa de setembro”, no que o custo dos libros, do material escolar e da roupa, teñen un impacto considerable sobre as economías familiares.

Cando no ano 2009 Feijóo eliminou a gratuidade dos libros, fíxoo nun contexto de crise económica que ía golpear con forza ás familias. Hoxe, o PP do señor Rueda opta por manter esa situación nun contexto económico aínda máis complexo. As consecuencias derivadas da guerra no leste de Europa están a disparar os prezos dos consumos básicos, como a enerxía ou a cesta da compra. E mentres o Goberno central adopta medidas excepcionais de alivio para as economías familiares no eido das súas competencias, como axudas ó combustible ou a rebaixa do IVA do gas, por citar só dúas, a Xunta mira cara outro lado.

O gasto medio da volta ó cole por cada rapaz en idade escolar supera os 400 euros. O prezo medio dos libros de Primaria ronda os 200 euros, mentres que en Secundaria esa cifra supera os

	IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Fecha y Hora	07/10/2022 12:46:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Página	8/28





260. Incluindo todos os gastos do curso, a OCU estima o gasto anual das familias en 2.200 euros por cada neno ou nena, unha cifra que bota por terra a idea da gratuidade da educación obrigatoria.

Hai uns días, como se a marcha a Madrid fose unha sorte de camiño de Damasco, o expresidente Feijóo reclamaba a gratuidade de libros de texto que el e os seus gobernos retiráronlle ás familias galegas. A Xunta, que calou inicialmente ante o cambio de postura, tomou tan en serio a proposta de Feijóo que vén de anunciar unha axuda de 75 euros para material escolar. A comparación dos gastos reais das familias coas axudas prometidas pola Xunta fala por si soa da preocupación deste executivo autonómico polas economías familiares.


Dende a Deputación de Lugo reclamamos á Xunta, depositaria das competencias plenas en materia educativa, un compromiso coa educación pública e coa axuda ás familias. Un compromiso especialmente necesario na nosa provincia, que vén sufrindo recortes de profesorado, peche de escolas no rural e redución das materias escolares ou ciclo formativos que se poden estudar nos institutos e centros de FP das nosas vilas.

Por todo isto, sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Proposta de Goberno pola que a Deputación Provincial de Lugo solicita á Xunta de Galicia:

- Que instaure un sistema universal de gratuidade de libros de texto para todas as etapas do ensino obrigatorio semellante ao que estivo en vigor durante os anos do Goberno do bipartito .
- Que remate coa política de recortes de persoal e garanta que todos os centros lucenses, nomeadamente no rural, conten co profesorado necesarios para impartir todos os niveis académicos e ciclos formativos.
- Que explique en sede parlamentaria como empregou os fondos extra de 92 millóns percibidos para reforzar a educación con motivo da pegada da pandemia”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (correspondentes aos señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as

	IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Fecha y Hora	07/10/2022 12:46:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Página	9/28



deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular. Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220927&punto=5>

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA REXEITANDO A DECISIÓN DA UE DE PROHIBIR A PESCA DE FONDO EN CALADOIROS NOS QUE FAENA A FROTA GALEGA.

Por parte do Sr. Presidente proponse, dado que se trata de mocións de contido similar, o debate conxunto e votación separada dos puntos números seis, oito e nove da orde do día, sendo aprobada a dita proposta por tódolos Grupos Políticos da Corporación.


Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista rexeitando a decisión da UE de prohibir a pesca de fondo en caladoiros nos que faena a frota galega.

O Comisario de Pesca, Medio Ambiente e Océanos da UE, Virginijus Sinkevicius, anunciaba a medados deste mes a súa intención de prohibir todo tipo de artes de fondo en 87 caladoiros das augas de España, Portugal, Francia e Irlanda. Trátase, xa que logo, de máis de 16.400km² nos que se atopan 87 caladoiros.

A medida ten sido fortemente contestada polo sector, xa que se toma sen facer distincións entre o diverso grao de impacto que xeran as diferentes artes pesqueiras, e sen contar con datos científicos actualizados da situación dos ecosistemas e dos caladoiros.

	IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Fecha y Hora	07/10/2022 12:46:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Página	10/28





Os socialistas galegos, por boca do Secretario Xeral Valentín González Formoso, amosamos dende o primeiro momento o noso rexeitamento a esta decisión, reclamando ó Goberno que amose ese rexeitamento para que Bruxelas reconsidere a medida e, de non ser así, para que se esgoten todas as vías, mesmo xudiciais, para que non se leve a efecto.

O pasado 21 de setembro, nunha reunión cas CCAA e representantes do sector pesqueiro, a secretaria xeral de Pesca do ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, Alicia Villaúriz, indicou a intención de España de debater e rexeitar a proposta comunitaria no congreso de ministros de Agricultura e Pesca que se vai celebrar o luns 26 de setembro. E indicou tamén que o Goberno non descarta recorrer a norma nos tribunais se a negociación non da os froitos desexados.

Os socialistas lucenses sumámonos ó rexeitamento dunha medida prexudicial para a frota pesqueira da nosa provincia. Entendemos que as medidas de conservación do medio ambiente, no século XXI, tense que levar adiante combinando a rexeneración co mantemento da actividade económica. No caso da frota lucense, estamos a falar dun colectivo de autónomos e pemes que aporta un importante porcentaxe do PIB á provincia e, de xeito especial, a unha comarca como a de A Mariña que ten sufrido nos últimos anos as consecuencias dun grave proceso de desindustrialización.

Dende Bruxelas, estase a cuestionar sen base científica nin argumentos a actividade dun sector exemplar, esencial para a Mariña. Un sector que aporta riqueza e que captura nos caladoiros produtos de primeira calidade recoñecidos a escala internacional. Un sector que conforma un dos sinais de identidade sociocultural da nosa provincia.

Dende o Grupo Socialista da Deputación de Lugo rexeitamos a intención da UE de restrinxir a pesca de fondo e sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo:

- Solicite ó Goberno central que traslade ás autoridades europeas o rexeitamento dunha decisión que consideramos inxusta e inxustificada e esgote todos os medios

	IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Fecha y Hora	07/10/2022 12:46:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Página	11/28



para a súa retirada, ben a través da negociación, ben a través dos recursos legais dispoñibles.

- Solicite á Xunta de Galicia que sume esforzos co Goberno central para presionar en Bruxelas neste sentido, porque este non é un tema partidista senón unha necesidade de país”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220927&punto=6>

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN APOIO DAS MEDIDAS RECOLLIDAS NA INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PROMOVIDA POLA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA DE GALIZA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción en apoio das medidas recollidas na Iniciativa Lexislativa Popular promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia.

Exposición de Motivos:

A Consellería de Sanidade, leva anos recortando e desmantelando os recursos da Sanidade Pública Galega, especialmente na Atención Primaria, coa finalidade de reducir gasto e favorecer á sanidade privada, que medra de maneira imparable. Paralelamente, os responsables do SERGAS son incapaces de planificar e xestionar a Atención Primaria, poñendo en cuestión a continuidade do sistema de Atención Primaria.

Entre outras cousas, as reducións de persoal, a prioridade pola consulta telefónica por riba

	IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Fecha y Hora	07/10/2022 12:46:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Página	12/28





da presencial, as dificultades para contactar cos centros e conseguir cita, o peche de consultas, centros e PAC, etc., impiden o acceso normal á asistencia sanitaria á poboación e crean listas de agarda inaceptables.

Como consecuencia do exposto, desapareceu da Atención Primaria a promoción, prevención, rehabilitación, participación e o traballo comunitario, mentres que o persoal está sometido a unha situación de presión, inestabilidade e precariedade, incompatibles cunha atención de calidade.

Todo isto amosa a gravidade da situación da Atención Primaria, en risco real de desmantelamento e privatización, e a necesidade de tomar medidas con urxencia.


As institucións locais, deben ser axentes activos no proceso de recuperar os recursos, garantir a accesibilidade á asistencia, desmasificar as consultas, reabrir os centros e PAC pechados e acabar cas listas de espera que son incompatibles cunha asistencia racional e de calidade, antes de que sexa demasiado tarde.

Para facer fronte a esta situación, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1.- Apoiar a Iniciativa Lexislativa Popular promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galiza, integrada por organizacións sociais, sanitarias, de pacientes, sindicais e políticas, que pretende que o Parlamento Galego, debata e aprobe coa maior urxencia posíbel as seguintes medidas:

- a) Establecer a atención presencial ao paciente como regra xeral para as consultas médicas.
- b) Fixar uns mínimos, na dispoñibilidade de centros e persoal por habitante, para salvagardar a calidade da atención aos pacientes.

	IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Fecha y Hora	07/10/2022 12:46:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Página	13/28



- c) Acabar ca inestabilidade e precariedade do persoal e realizar, como mínimo, unha convocatoria anual de prazas.
- d) Reabrir as consultas, Centros de Saúde e PAC de Urxencias pechados durante os últimos anos.
- e) Incrementar o persoal médico, de enfermaría, administrativo dos centros de saúde e redimensionar os seus cadros de persoal, incorporando novas categorías profesionais aos equipos como psicoloxía, fisioterapia, atención temperá, logopedia, etc., para desmedicalizar a atención e ofrecer unha asistencia integrada.
- f) Recuperar as Xerencias de Atención Primaria para dotala de capacidade de planificación e autoxestión e acabar co seu sometemento aos hospitais. Que sexan o elemento esencial para organizar e integrar a Atención Primaria cos hospitais, saúde pública, asistencia social e atención á dependencia.
- g) Desenvolver as conclusións do Consello Técnico de Saúde de Galiza.
- h) Por en marcha o Consello de Saúde de Galiza e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria, para que a poboación teña capacidade real de planificar, decidir e avaliar a actividade dos centros.
- i) Acompañar estas actuacións cun incremento do orzamento de Atención Primaria ata alcanzar o 25% do total.

2.- Colaborar activamente coas de carácter unitario que se realicen para ter unha Atención Primaria de Calidade”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (correspondentes aos señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do

	IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Fecha y Hora	07/10/2022 12:46:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Página	14/28





Grupo Provincial do Partido Popular. Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220927&punto=7>

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN DEFENSA DA FROTA PESQUEIRA E DA PESCA DE FONDO GALEGAS.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción en deensa da frota pesqueira e da pesca de fondo galegas.


Exposición de Motivos:

O pasado venres 15 de setembro facíase pública a decisión da Comisión Europea de vetar toda a pesca de fondo en 87 áreas da costa do Estado español, Portugal, Francia e Irlanda, expulsando dos seus caladoiros tradicionais a uns mil barcos, moitos pertencentes á frota galega, impedindo que os barcos con artes de arrastre poidan faenar nun total de 16.149 quilómetros cadrados dentro dos que se definen 57 zonas consideradas espazos con ecosistemas mariños vulnerables e outras 30 onde non se especifica esa circunstancia pero que se consideran zonas sensibles.

Decisión que o propio comisario de Pesca, Océanos e Medio Ambiente, Virginijus Sinkievicius anticipaba xa a finais do pasado 2021 coa escenificación pública do seu apoio á campaña que estaba en marcha naquel momento e que pedía a prohibición da pesca de arrastre.

Cumpríronse as peores previsións para un sector que xa está sometido a unha estrita

	IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Fecha y Hora	07/10/2022 12:46:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Página	15/28



regulación e control e que xa non ten permitido tampouco pescar nos lugares onde hai ecosistemas vulnerables. Todos os esforzos da nosa frota pesqueira polo cumprimento da normativa lonxe de ser recoñecidos, son desprezados e demonizados.

Unha frota que cumpriu e cumpre de xeito claro e rigoroso todas as normativas de aplicación a súa actividade dende os regulamentos europeos ata os estatais ou internacionais así como as súas obrigas pesqueiras en relación cos TACs e cotas de aplicación, obrigacións de desembarque e descartes.

Unha frota que é exemplo internacional de boas prácticas e que con esta decisión da Comisión Europea vai ver minguada considerablemente unha parte fundamental dos seus caladoiros, mediante esta medida, totalmente desproporcionada, pouco fundamentada e aplicándoa de xeito indiscriminado para todas as artes e frotas.


Galiza é a primeira rexión pesqueira europea, e en termos xerais, a frota galega representa ademais case a metade de toda a frota española, pescando en diferentes augas a nivel estatal, europeo e internacional, sendo exemplo de respecto aos convenios e normativas rexionais e internacionais, que no caso europeo, plásmanse na Política Pesqueira Común (PPC), ao tempo que nos últimos anos está a desenvolver iniciativas enfocadas á mellora da sustentabilidade da súa actividade. Non é casualidade que a situación dos caladoiros onde opera a nosa pesca se atope en rendemento máximo sostible.

A aplicación destas medidas podería afectar a máis de 200 pesqueiros galegos, entre os que se atopan moitos barcos de Celeiro e Burela que faenan non só en augas das costas do Estado español senón tamén no Gran Sol e nas costas de Francia e Irlanda dedicándose ao pincho, ao arrastre e á volanta.

Se a pesca é un puntal da economía galega e do emprego, na provincia de Lugo e na Mariña aínda o é moito máis coas potencias pesqueiras que representan os portos de Celeiro e Burela, e máxime no actual contexto de crise industrial e de emprego que atravesamos esta comarca.

Para facer fronte a esta situación, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego

	IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Fecha y Hora	07/10/2022 12:46:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Página	16/28





somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

Instar ao Goberno do Estado e á Xunta de Galiza a que actúen conxuntamente para:

- a) Defender a frota pesqueira galega de artes de fondo esgotando todas as vías posibles para paralizar estas lesivas medidas, e de acordo co sector.
- b) Iniciar de inmediato o procedemento de reclamación, por todas as vías posibles, incluída a xudicial, contra a decisión da Comisión Europea de prohibir as actividades pesqueiras que impliquen contacto co fondo do mar nas 87 zonas de pesca entre o Golfo de Cádiz e a zona norte de Gran Sol”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:


<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220927&punto=8>

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR EN DEFENSA DA PESCA DE FONDO DA PROVINCIA FRONTE AO VETO QUE INTENTA IMPOÑER A COMISIÓN EUROPEA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular en defensa da pesca de fondo da provincia fronte ao veto que intenta impoñer a Comisión Europea.

	IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Fecha y Hora	07/10/2022 12:46:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Página	17/28



Exposición de Motivos

O veto de Bruxelas á pesca de fondo, é dicir, ao palangre e ao arrastre, é unha medida arbitraria, adoptada con base só en aspectos medioambientais pero non científicos nin socioeconómicos, e causará un gravísimo prexuízo á flota pesqueira da provincia de Lugo.

O arrastre de fondo é unha das artes de pesca máis comúns e reguladas en Europa. É a única forma viable de capturar moitas das especies clave que se consumen na rexión, alimentos saudables de alta calidade, capturados case todas co rendemento máximo sostible e estando moitas delas certificadas polo Marine Stewardship Council.


As flotas afectadas xa sufriron perdas de ingresos, debido ao aumento dos custos, ao impacto da Covid-19 e aos elevados prezos dos combustibles. Asemade, a drástica redución do seu esforzo pesqueiro xa tivo duras repercusións sociais, sendo a súa posible prohibición catastrófica para comunidades costeiras enteiras. Cómpre recordar que este sector representa o 35% da capacidade de pesca europea total e o 38% dos ingresos xerados pola flota europea; datos significativos que non poden ser descoidados. Agora, as medidas que pretende aplicar Bruxelas suporán que moitos barcos sexan expulsados dos caladoiros nos que habitualmente faenan.

Para o Grupo Provincial do Partido Popular, todas as artes de pesca son respectuosas co medio ambiente se se usan ben. O seu impacto depende do uso que se lle dea. En todo caso, medidas coma o veto que Bruxelas pretende aplicar ás citadas artes de pesca son totalmente arbitrarias e carecen de base científica; poñen en risco o futuro da frota lucense e poden supoñer unha importante perda de buques, empregos e alimentos.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo

O Pleno da Corporación insta ao equipo de goberno provincial a:

	IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Fecha y Hora	07/10/2022 12:46:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Página	18/28





1 . Expresar con rotundidade ao Goberno de España o rexeitamento da Deputación Provincial de Lugo ao veto decidido por Bruxelas á pesca de fondo, para que o traslade á Comisión Europea.

2. Demandar do Goberno de España que rexeite publicamente os ataques que o sector da pesca de fondo está a sufrir por parte da Comisión Europea.

3. Demandar do Goberno de España que defenda con eficacia a importancia deste sector no conxunto do sector pesqueiro e da economía marítima europea”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220927&punto=9>

10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA Á CONTINUIDADE E MELLORA DOS GES DA PROVINCIA DE LUGO.


Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular relativa á continuidade e mellora dos GES da provincia de Lugo.

Exposición de Motivos:

Ás Deputacións provinciais correspóndelle a asistencia e cooperación xurídica económica e técnica aos concellos, para garantir a prestación integral e adecuada dos servizo públicos, no territorio da súa competencia e, en particular, participar na coordinación da administración local

	IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Fecha y Hora	07/10/2022 12:46:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Página	19/28



coa Comunidade Autónoma co fin de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal.

Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, os órganos de goberno provinciais exercerán as súas competencias en materia de protección civil e xestión de emerxencias de acordo co previsto nesta lei, na lexislación galega e na normativa estatal aplicable. Corresponde ás Deputacións garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento naqueles municipios que non contan con servizos propios, por non resultaren obrigados ou por teren obtida a dispensa deles.


Así, pese a que os servizos de emerxencias son competencias das deputacións naqueles municipios de menos de 20.000 habitantes que, no caso da provincia de Lugo, son todos menos o da capital, a Xunta amosou sempre a súa disposición a colaborar, asumindo máis da metade do financiamento dos GES, o que supón un investimento de máis de 11 millóns de euros no período 2019-2021 e máis de 40 millóns de euros dende o ano 2013 en Galicia.

A Xunta de Galicia apostou por dar continuidade aos grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) que complementan a atención das emerxencias e extinción de incendios forestais, xunto cos parques de bombeiros municipais e os parques de bombeiros comarcais, de forma que cobren zonas nas que os tempos de resposta dos parques de bombeiros son superiores aos 20 minutos, cun ámbito de actuación superior ao municipal.

No caso da provincia de Lugo, non existe un compromiso semellante por parte da institución provincial.

No ano 2021, a Xunta propuxo ás Deputacións provinciais e á FEGAMP unha serie de medidas para mellorar o funcionamento dos GES, incrementando o financiamento e completando o cadro de persoal daqueles GES que contan con dúas bases e menos de 12 persoas en cada base.

	IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Fecha y Hora	07/10/2022 12:46:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Página	20/28





Estas melloras so se materializaron, finalmente, na provincia de Ourense, xa que o resto de Deputacións galegas manifestaron non estar dispostas a aportar o 40 % de cofinanciamento necesario para levar a cabo ditas melloras.

Así, no ano 2021 renováronse os convenios dos GES, pasando dun único convenio a tres, un coa Deputación de Ourense para o período 2022-2024 cunha serie de melloras., outro coa Deputación de Pontevedra, para o período 2022-2023 e outro máis coas Deputacións da Coruña e Lugo soamente para o ano 2022, xa que remataría a súa vixencia o 31 de decembro deste ano.


O feito de que o convenio entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e a Deputación de Lugo remate a 31 de decembro do presente ano xera unha situación moi grave de incerteza para os municipios da nosa provincia, especialmente para os concellos sede dos GES (na actualidade Cervo, Folgoso do Courel, Quiroga, Friol, Monterroso e A Pontenova) , pero tamén para aqueles que reciben o servizo.

En consecuencia, dende o Grupo Provincial do Partido Popular sostemos que a Deputación Provincial de Lugo debe seguir colaborando, co financiamento necesario, no mantemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipal (GES), postos en marcha en 2013 en consenso coa Xunta e os concellos. Ademais é necesario que o cofinanciamento sexa suficiente para levar a cabo as melloras plantexadas, no seu día, pola Xunta de Galicia. É imprescindible a colaboración das administracións co obxectivo de dotar aos profesionais destes servizos do equipamento necesario para garantir a súa seguridade nas súas intervencións e, por ende, a dos seus veciños.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Corporación insta ao equipo de goberno provincial a que leve a cabo os trámites oportunos para que a Deputación de Lugo, no exercicio das súas competencias legalmente atribuídas, renove o convenio para dar continuidade aos Grupos de Emerxencia Municipais (GES) da provincia de Lugo, no que se inclúan as melloras necesarias, para garantir, nas condicións máis adecuadas, a prestación dun servizo esencial para os veciños e veciñas”.

	IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Fecha y Hora	07/10/2022 12:46:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Página	21/28



Efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220927&punto=10>

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

11.- CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO, RELATIVO Á MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2021, POLO CONCELLO DE BURELA.

Aos efectos do previsto nas bases do PLAN ÚNICO 2021, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 16 “..*Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello con anterioridade ao vencemento do prazo outorgado para a adxudicación do mesmo, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. Debe respectarse a finalidade, e dicir a mesma aplicación orzamentaria...*” dase conta ao Pleno dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno de data 19/08/2022 , en relación co escrito presentado pola Alcaldía do Concello de BURELA, solicitando a substitución/modificación dun investimento incluído inicialmente no PLAN ÚNICO 2021, do que se achega certificación do amentado acordo, sen afectar á achega total que efectúa a Deputación.

O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220927&punto=11>

	IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Fecha y Hora	07/10/2022 12:46:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Página	22/28





12.- CONTA DOS ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO, RELATIVOS Á MODIFICACIÓ/SUBSTITUCIÓNS DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022, POLOS CONCELLOS DE ALFOZ, CASTRO DE REI E A PONTENOVA.

Aos efectos do previsto nas bases do PLAN ÚNICO 2022, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 14 “..*Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria...*” dase conta ao Pleno dos acordos adoptados polas Xuntas de Goberno de datas 22/07/2022, 12/08/2022 e 26/08/2022 en relación cos escritos presentados polas Alcaldías dos Concellos de Alfoz, Castro de Rei, A Pontenova, solicitando a substitución/modificación dun investimento incluído inicialmente no PLAN ÚNICO 2022, do que se adxunta certificación do amentado acordo, sen afectar á achega total que efectúa a Deputación.

O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220927&punto=12>

13.- CONTA DO INFORME DO MES DE ABRIL DE 2022 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DO REAL DECRETO 635/2014.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe do mes de abril de 2022 relativo ao cumprimento de prazos do Real Decreto 635/2014.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220927&punto=13>

14.- CONTA DO INFORME DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2022 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010.

	IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Fecha y Hora	07/10/2022 12:46:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Página	23/28



Dáse conta do informe do segundo trimestre de 2022 relativo ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220927&punto=14>

15.- CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI 2/2012 DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA A 30 DE XUÑO DE 2022 E PREVISIÓNS A 31 DE DECEMBRO DE 2022.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe de avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira a 30 de xuño de 2022 e previsións a 31 de decembro de 2022.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220927&punto=15>

16.- CONTA DA INFORMACIÓN ECONÓMICA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO A 30 DE XUÑO DE 2022.

Dáse conta da información económica da Deputación Provincial de Lugo a 30 de xuño de 2022. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220927&punto=16>


17.- CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE OS MESES DE XULLO E AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día dous de xullo ao trinta e un de agosto de dous mil vinte e dous, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 2506 ao 3296. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220927&punto=17>

	IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Fecha y Hora	07/10/2022 12:46:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Página	24/28





18.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Comunicación da Presidencia sobre a concorrència a fondos europeos para a dixitalización da Deputación de Lugo e dos Concellos.

O Ministerio de Política Territorial convocou, mediante a Orde Ministerial TER/836/2022, subvencións por importe de 154.508.061,23 euros para a transformación dixital e modernización das administracións de entidades locais con menos de 50.000 habitantes, excepto municipios que sexan capital de provincia, e das cidades de Ceuta e Melilla, no marco do Compoñente 11 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), e como parte das actuacións previstas no Eixo 3 do Plan de Dixitalización das Administracións Públicas 2021-2025 .


Esta convocatoria diríxese ao financiamento de proxectos que permitan ás entidades locais mellorar a eficiencia e eficacia dos empregados públicos, que impulsen a reutilización dos servizos e solucións dixitais e promovan o uso activo das tecnoloxías emerxentes no despregamento de novos servizos dixitais, co obxectivo xeral de reducir a fenda dixital.

Os proxectos deberán estar aliñados co Compoñente 11 do PRTR, e en particular co seu Investimento 3 de Transformación Dixital e Modernización do Ministerio de Política Territorial, do Ministerio de Facenda e Función Pública, e das Administracións das Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, así como coa Estratexia España Dixital 2026, o Plan de Dixitalización das Administracións Públicas 2021-2025 e outras accións de modernización dirixidas ao sector público. O prazo de presentación de candidaturas termina ás 15:00 horas do 15 de decembro de 2022.

A Deputación de Lugo, a través de diferentes proxectos postos en marcha nos últimos anos, está a avanzar na modernización, dixitalización e a innovación de tódolos axentes locais (autónomos, empresas, asociacións...) así como tamén na implementación de mecanismos eficaces para a capacitación de emprendedores e empresas no ámbito dixital e tecnolóxico impulsando á súa incorporación ás novas tecnoloxías.

Nesta estratexia de fortalecemento dixital e impulso das novas tecnoloxías, as entidades locais provinciais non poden quedarse atrás e deben camiñar a carón do resto de axentes públicos e

	IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Fecha y Hora	07/10/2022 12:46:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Página	25/28



privados, co obxectivo de que a provincia de Lugo estea preparada para os retos aos que enfrontarán as administracións públicas nesta nova era dixital.

Como xa manifestou o Pleno da Deputación de Lugo na declaración institucional de integridade e compromiso ético aprobada por este órgano en sesión celebrada o 25 de xaneiro do 2022, existe a firme vontade por parte da entidade provincial, de concorrer no ano en curso ás convocatorias que o Goberno de España poña en marcha para a execución do PRTR

Por estes motivos e a través da presente comunicación, ponse en coñecemento do Pleno, a intención da Deputación de Lugo de concorrer ás axudas convocadas polo Ministerio de Política Territorial mediante a Orde Ministerial TER/836/2022, co obxectivo de impulsar os mecanismos que sexan precisos para fortalecer as administracións das entidades locais da provincia de Lugo ás que se dirixe esta convocatoria de subvencións”.

O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220927&punto=18>

19.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.


O Sr. Presidente manifesta que hai un Rogo e unha Pregunta regulamentariamente formulados polo Grupo Provincial do Partido Popular, que se tratarán a continuación.

R O G O

Formulado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo á estrada provincial LU-P 1906, que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte Rogo:

	IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Fecha y Hora	07/10/2022 12:46:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Página	26/28





Circular por moitas das estradas provinciais constitúe un feito, non sempre exento de risco, polo mal estado no que se atopan as calzadas, pola sinalización horizontal inexistente e a deficiente sinalización vertical, de xeito que con frecuencia está tan deteriorada que resulta difícil saber que mensaxe transmite.


Hai ano e medio o Grupo Provincial do Partido Popular pediu o arranxo da estrada LU-P 1906, unha vía intermunicipal (A Fonsagrada - Ribeira de Piquín); unha estrada de montaña. O goberno provincial tomou a decisión de reparala e instalar, como pedía o P.P biondas, nalgúns dos puntos máis perigosos. Se acertado foi tomar a decisión de amañar esta estrada, foi totalmente desacertado o modo de facelo, porque, en vez de pavimentar toda a vía con aglomerado en quente, como fai a Deputación noutras estradas provincias, optou por levar a cabo un tratamento superficial mediante regos con grava. Como consecuencia, o resultado da reparación é totalmente deficiente, en canto a calidade do pavimento. Ademais, quedou gran cantidade de grava solta, o que constitúe un risco para o tráfico rodado, especialmente para as motos. En canto ás biondas, hai que dicir que se puxeron de tal maneira que aínda estreitan máis a calzada e, por riba, carecen das proteccións necesarias para os motoristas.

O modo elixido para reparar o pavimento fai que os veciños de A Fonsagrada e de Ribeira de Piquín se sintan discriminados pola Deputación e pregúntanse por que eles non teñen dereito a que esta vía teña pavimento de aglomerado en quente.

A vista do exposto o Grupo Provincial do Partido Popular presenta o seguinte rogo:

Que por parte da Área de Xestión Territorial da Deputación Provincial de Lugo se fagan, de maneira inmediata, as xestións necesarias para atender as reclamacións dos veciños máis directamente afectados e se proceda a pavimentar a estrada provincial “LU-P 1906 Pedrafitelas – Vilares – Os Cangos”, intermunicipal que conecta A Fonsagrada e Ribeira de Piquín, mediante aglomerado en quente e se instalen proteccións para motoristas nas biondas agora existentes nesta vía. Igualmente é preciso dar máis ancho a calzada en tantos puntos como resulte posible”.

	IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Fecha y Hora	07/10/2022 12:46:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Página	27/28



P R E G U N T A

Formulada polo Grupo Provincial do Partido Popular, e que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación Provincial, a seguinte Pregunta:

A Liga ACB esixe que as instalacións nas que se celebran os encontros reúnan determinadas condicións. No caso de Lugo, o Breogán utiliza a cancha do Pazo dos Deportes . Estas instalacións non reúnen algunhas das condicións esixidas pola ACB o que pode dar lugar a sancións. Un dos aspectos a corrixir é a falta de asentos individuais na grada na que hai bancos corridos. A maiores está comprobada a existencia de goteiras e a iluminación resulta insuficiente.

Polo exposto, formulamos a seguinte pregunta:

Con que proxectos, orzamentos e prazos traballa o equipo de goberno provincial para acometer as melloras necesarias no Pazo dos Deportes?”.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220927&punto=19>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

	IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Fecha y Hora	07/10/2022 12:46:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A6WRN3BMPZ7MYD6TILXSMU	Página	28/28

